



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Literatura Galega	Código	613G03012	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	Anual	Segundo	Obrigatoria	9
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Lopez Fernandez, Maria Teresa	Correo electrónico	t.lopez@udc.es	
Profesorado	Eirin García, Leticia	Correo electrónico	leticia.eirin@udc.es	
	Lopez Fernandez, Maria Teresa		t.lopez@udc.es	
	Sanmartin López-Iglesias, Roberto		roberto.samartin@udc.es	
Web	www.udc.es/filo			
Descrición xeral	Estudo da literatura galega a través dos seus textos máis representativos.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			
Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.			
Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.			
Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.			
Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.			
Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.			
Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.			
Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.			
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.			
Coñecer a crítica textual e a edición de textos.			
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.			
Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.			
Adquirir capacidade de autoformación.			
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.			
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.			
Apreciar a diversidade.			
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			



Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			
---	--	--	--

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A literatura galega	1.1 Definición, caracterización, periodización. Cuestións metodolóxicas.
2. Literatura medieval galego-portuguesa.	2.1 Lírica profana. Cantiga de amor. Cantiga de amigo. Cantiga de escarño e maldizer. 2.2 Lírica relixiosa. Cantigas de Santa María 2.3 A prosa medieval.
3. A literatura nos séculos XVI-XVIII.	3.1 O concepto "Séculos Escuros". Unha ilustración galega?
4. O século XIX. O Rexurdimento.	4.1 Prerrexurdimento, rexurdimento, rexionalismo. 4.2 A poesía. Rosalía de Castro: Cantares Gallegos. 4.3 A poesía. Eduardo Pondal. Manuel Curros Enríquez. 4.4 A prosa e o teatro. Período Intersecular.
5. O século XX.	5.1 As Irmandades da Fala. A renovación do sistema. 5.1.1 Grupo Nós. Vicente Risco. Ramón Otero Pedrayo. Afonso Daniel R. Castelao. 5.1.2 As Vangardas. Manuel Antonio. 5.2 A guerra civil. A literatura do exilio 5.2.1 Luís Seoane. 5.3 A recuperación da actividade literaria na posguerra. 5.3.1 A narrativa. Eduardo Blanco-Amor. 5.3.2 A poesía. Movements e autores. Álvaro Cunqueiro. 5.4. De 1975 á actualidade. Diversificación xenérica. 5.4.1 A narrativa. Xosé Luís Méndez Ferrín. 5.4.2. A poesía. 5.4.3. O teatro.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	4	0	4
Análise de fontes documentais	11	11	22
Lecturas	1	40	41
Prácticas a través de TIC	3	3	6
Sesión maxistral	30	30	60
Presentación oral	1	10	11
Seminario	12	24	36
Eventos científicos e/ou divulgativos	2	8	10
Traballos tutelados	1	15	16
Recensión bibliográfica	0	5	5
Proba mixta	4	8	12
Atención personalizada	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Actividades iniciais	Exposición xeral do funcionamento da materia e realización de actividades prácticas para familiarizar o alumnado co funcionamento de bases de datos e repositorios dixitais, cos recursos bibliográficos, e coa metodoloxía das actividades avaliábeis.
Análise de fontes documentais	Lectura, análise e comentario de códigos, textos e paratextos (xornalísticos, narrativos, poéticos, dramáticos, públicos, privados, correspondencia...).
Lecturas	Realización das lecturas obrigadas que se indican no apartado 8 da guía, e dos textos críticos que indique o profesorado.
Prácticas a través de TIC	Prácticas en que se utilizarán de maneira case exclusiva os recursos en rede incluídos no apartado 8 da guía.
Sesión maxistral	Sesións de traballo en que o profesorado expón os puntos principais dos contidos da materia, como punto de partida para o traballo posterior do alumnado.
Presentación oral	Exposición na aula, necesariamente oral, aínda que poderá ser completada coa utilización de material audiovisual de apoio.
Seminario	Traballo en grupos reducidos coa finalidade do estudo intensivo dun tema. Discusión, participación, elaboración de conclusións nas que se envolveren todos os participantes do seminario.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Asistencia e participación a eventos relacionados coa materia que se realicen na propia Facultade ou noutros lugares accesíbeis para o alumnado.
Traballos tutelados	Realización por parte do alumnado dun traballo baixo a orientación e co seguimento do profesorado da materia. As características e condicións de realización do traballo explicaranse no inicio do curso e acordaranse co alumnado.
Recensión bibliográfica	Realización dunha recensión bibliográfica segundo as indicacións proporcionadas polo profesorado.
Proba mixta	Proba escrita de avaliación que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes, preguntas tipo test, etc.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lecturas Análise de fontes documentais Seminario Traballos tutelados	Durante as horas de atendimento do profesorado, o/a alumno/a recibirá toda a guía e axuda que precise para a realización dos seus traballos.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Eventos científicos e/ou divulgativos	Valorarase a participación nestes eventos a través da posta en común das conclusións dos mesmos nas aulas.	5
Sesión maxistral	A efectos da avaliación, o seguimento das sesións maxistras comprobarase a través da proba mixta.	0
Lecturas	A efectos da avaliación, o control das lecturas será realizado na aula, a través da proba mixta, e da recensión.	0
Proba mixta	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes, preguntas tipo test... A través da proba mixta, avaliarase o seguimento das sesións maxistras, a realización das lecturas, etc. Esta proba poderá realizarse en dúas fases, a primeira no mes de febreiro, a segunda no mes de maio. As datas acordaranse na aula.	40
Análise de fontes documentais	Lectura, análise e comentario de códigos, textos e/ou paratextos (xornalísticos, narrativos, poéticos, dramáticos, públicos, privados, correspondencia...) que, seguindo o modelo das aulas prácticas, o/a estudante realizará ao longo do curso. Requerirase polo menos a presentación de unha actividade destas características.	10
Prácticas a través de TIC	A realización destas prácticas, a efectos de avaliación, non terá unha valoración independente, pois son necesarias para poder levar a cabo axeitadamente outras actividades avaliábeis.	0
Presentación oral	A presentación oral do traballo titorizado por cada alumno/a computará separadamente da realización do propio traballo. Neste apartado valorarase unicamente a exposición oral.	10
Seminario	Valorarase a asistencia e a participación efectiva nas sesións desenvolvidas en forma de seminario. Eventualmente poderá solicitarse a entrega dalgún tipo de actividade escrita.	10



Recensión bibliográfica	Recensión dunha das obras de lectura obrigada, diferenciada para cada estudante, que se acordará previamente entre o alumnado e o profesorado.	10
Traballos tutelados	Valorarase o traballo realizado segundo as indicacións e o acompañamento do profesorado. A súa exposición oral terá unha valoración independente.	15

Observacións avaliación

O/a estudante que solicite e obteña dispensa académica terá condicións especiais de avaliación, entre elas a substitución da avaliación da actividade realizada na aula pola entrega da actividade por escrito ou pola realización dunha proba oral, nunha data que se establecerá tendo en conta a disponibilidad do/a estudante.

O alumnado que non superar a materia na primeira oportunidade, terá unha segunda no mes de xullo. Nesta segunda oportunidade, deberánse presentar/realizar as actividades non superadas ou non presentadas anteriormente, de acordo coas indicacións específicas que dará o profesorado.

Para superar a materia, a cualificación mínima da proba escrita deberá ser de 4 puntos sobre 10.

Será considerado NON PRESENTADO/A o alumno ou alumna que non se presente á proba escrita ou que non realice e presente o traballo tutorizado.

NOTA EXPLICATIVA

Os apartados que se recollen cunha porcentaxe de 0 na cualificación son avaliados a través doutras actividades, tal e como se explica en cada caso. A valoración de 0 é atribuída por defecto pola aplicación e en ningún caso significa que non se teñan en conta para a avaliación da materia.

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

O/a estudante que precise falar co profesorado fóra do horario de atención establecido oficialmente, poderá concertar unha cita a través do correo electrónico, nos enderezos que figuran nesta guía.

Para as comunicacións relativas á materia, o profesorado utilizará como canais preferentes, ademais da comunicación oral nas aulas, a plataforma moodle e o enderezo de correo electrónico institucional do alumnado.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías